

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

REDONDELA

Subvencións e axudas

PUBLICACIÓN DE BASES E CONVOCATORIA DAS AXUDAS PARA GASTOS CORRENTES DOS CENTROS CULTURAIS ANO 2022

BASES E CONVOCATORIA DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS CORRENTES AOS CENTROS CULTURAIS PARROQUIAIS, ANO 2022

Primeira. Definición.-

Estas bases e convocatoria teñen por obxecto establecer os criterios e o procedemento para a concesión das subvencións da Concellería de Participación Cidadá para o ano 2022 de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Búscase de acordo co establecido no artigo 9 da Constitución Española facilitar a participación de toda a cidadanía na vida política, económica, cultural e social para o que resulta imprescindible que os Concellos, como administracións máis próximas á cidadanía, axuden a manter os seus lugares de reunión nas parroquias.

A administración local é coñecedora de que, neste momento de crise económica, o mantemento destes lugares, coñecidos como centros culturais parroquiais, resulta moi difícil debido ao incremento do prezo das enerxías (luz, combustible, etc) e o resto dos gastos admitidos dentro do obxecto desta convocatoria aos que é necesario facer fronte.

Para elo é necesario proceder a establecer os criterios que definen ou caracterizan a un Centro Cultural Parroquial, lugar de encontro e participación que benefician a toda a veciñanza ao levar a cabo distintas actividades nos diversos ámbitos da vida tanto formativos, como culturais, de ocio, etc., así como ser un lugar no que as distintas entidades e/ou asociacións que actúan ou levan a cabo actividades no ámbito territorial da parroquia e celebrar as súas xuntas e asembleas.

Aplicando o principio de igualdade e non discriminación por razón de sexo, vaise a ter en conta a composición das xuntas directivas dos centros culturais parroquias a fin de conseguir que a igualdade entre homes e mulleres sexa real e efectiva no terreo da participación.

Segunda. Obxecto da subvención.-

Con esta liña de axudas a Concellería de Participación Cidadá quere contribuír a axudar aos Centros Culturais Parroquiais no mantemento dos seus gastos correntes.



Enténdese, aos efectos de ser entidade beneficiaria nesta convocatoria, como centro cultural parroquial aquel centro que sexa sede dunha asociación de veciños, asociación ou entidade da parroquia, centro social, cultural ou similar que se sitúa nunha parroquia e que reúna alomenos dous dos seguintes requisitos de acordo coa exposición feita na base primeira:

- Lugar que se atopa a disposición de uso de toda a veciñanza, asociacións ou entidades da parroquia e do Concello de Redondela.

- Lugar de realización de xuntanzas da veciñanza, asociacións ou entidades actuantes na parroquia (montes, comunidades de augas, asociacións de veciños, comisións de festas, asociacións culturais, deportivas, etc).

- Lugar de realización de actividades destinadas á participación de toda veciñanza durante todo o ano.

Serán gastos correntes subvencionables os seguintes:

- Seguro de danos e responsabilidade civil do edificio.
- Renda de aluguer do local.
- Electricidade.
- Gasóleo de calefacción.
- Subministración de auga.
- Calquera outra enerxía necesaria para o funcionamento do Centro Cultural Parroquial.
- Gastos ocasionados polo Covid-19 derivados do cumprimento das obrigas en relación coas medidas de limpeza e desinfección do mobiliario e local dos centros culturais parroquiais

Admitiranse para estas bases e convocatoria os recibos que teñan sido pagados polo Centro Cultural no período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2022 ata a data de presentación da xustificación establecida na base duodécima.

Quedan expresamente excluídos desta subvención os seguintes gastos:

- Os gastos de investimentos: obras e adquisición de bens inventariables.
- As cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións.
- Calquera imposto, taxa, prezo público ou cantidade que deba ser satisfeita por norma de rango legal ou regulamento ao Concello de Redondela, salvo que estea expresamente dentro do obxecto de contrato.
- Os gastos para a realización de actividades formativas, de desenvolvemento persoal ou para actividades determinadas estatutariamente, os gastos por actividades de carácter cultural e/ou deportivo correspondentes a actividades xa subvencionadas, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións do Concello de Redondela, ou a través de convenios asinados co Concello.
- Os intereses debedores de contas bancarias, os xuros, recargas e sancións administrativas ou xudiciais nin os gastos que puideran producir os seus respectivos procedementos.



- Os impostos directos ou indirectos que sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- As viaxes de lecer, as excursións, as festas gastronómicas e as festas populares.
- A edición de libros, revistas e outras publicacións.
- Conferencias e charlas (incluídos os ciclos), en xeral calquera outra actividade que non teña a consideración de curso.
- Os agasallos.
- Os gastos incompatibles coa aplicación orzamentaria á que se imputa o gasto destas bases e convocatoria.

Terceira. Importe da subvención.-

O crédito global que se dispón para o outorgamento das subvencións a conceder será de 39.000,00 euros con cargo á partida 9241A4890001 do orzamento vixente para o ano 2022.

En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras Administracións Públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total do gasto polos conceptos subvencionados. Se así fóra, este feito daría lugar a unha modificación da resolución da concesión. Así mesmo, toda alteración das condicións para a concesión da subvencións poderá dar lugar, no seu caso, á modificación do acordo de concesión.

Declárase a compatibilidade con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional, da Unión Europea ou de organismos internacionais, salvo as concedidas polo Concello.

Cuarta. Beneficiarios.-

Terán a consideración de entidade beneficiaria das subvencións os centros culturais parroquiais que estean dentro do termo municipal de Redondela e reúnan os requisitos establecidos na base segunda.

Poderán solicitar as subvencións reguladas nas presentes bases e convocatoria os centros culturais parroquiais do termo municipal de Redondela, que se atopen constituídos en forma e debidamente legalizados no momento en que finalice o prazo de presentación de solicitudes e que reúnan os seguintes requisitos:

- 1.-Ser unha entidade sen ánimo de lucro.
- 2.-Os Centros Culturais Parroquiais deberán estar inscritos no rexistro municipal de asociacións do Concello de Redondela.
- 3.-Desenvolver actividades para toda a veciñanza e de xeito permanente durante o ano.



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

4.-Ter debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ter solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ter presentado unha renuncia por escrito.

5.-Ter o domicilio social e o seu ámbito de actuación no Concello de Redondela.

6.-Contar cunha sede ou local público da súa titularidade, alugada ou cedida polo Concello no que desenrolen as súas actividades e sexa centro de reunión da veciñanza e de realización de actividades aberto nos horarios que se establezan durante todo o ano.

7.-Estar legalmente constituídas.

En ningún caso poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases e convocatoria os Centros en quen se dea algunha das circunstancias que recolle o artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Quinta. Presentación de solicitudes.-

De acordo co recollido no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, a presentación e tramitación desta subvención farase exclusivamente por medios electrónicos a través da sede electrónica do Concello de Redondela, debendo proceder a súa sinatura a través dos mecanismos admitidos na sede electrónica (<https://redondela.sedelectronica.gal>).

As solicitudes virán inescusablemente acompañadas da documentación indicada no propio modelo normalizado de solicitude, é dicir, dos anexos I, II, III e IV, e a documentación requirida en ditos anexos.

Se as solicitudes presentadas non reuniran os requisitos esixidos nestas bases e convocatoria e no resto da normativa de aplicación, requiriráselle para que proceda á emenda das deficiencias en dez días, con indicación expresa de se non o fixese, teráselle por desistido na súa solicitude despois da correspondente Resolución, de acordo co disposto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As notificacións serán electrónicas a través da sede electrónica do Concello de Redondela enviándose á conta de correo electrónico que conste na solicitude. Estas notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. A notificación entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais dende a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O Concello de Redondela xestionará de oficio o certificado municipal de estar inscrito no Rexistro municipal de asociacións e o certificado municipal de estar ao corrente das obrigas fiscais coa Administración local. Ademais, naqueles casos nos que sexa obrigatorio, e sempre que a persoa representante da asociación autorice a este Concello, incorporaranse os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda Autonómica.



Sexta. Prazo de solicitude.-

Estas bases e convocatoria publicaranse na páxina web do Concello de Redondela e no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de solicitude será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no BOP do extracto desta convocatoria.

Sétima. Concesión de subvencións.-

O procedemento de outorgamento destas subvencións é o de concorrencia competitiva polo que a súa concesión realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas coa finalidade de establecer unha prelación entre elas de acordo cos criterios de valoración previamente fixados nestas bases e convocatoria e adxudicar as subvencións segundo as valoracións.

Estabécese como importe máximo de subvención a conceder 3.000 euros por entidade solicitante, para o que se deberán acadar un máximo de 30 puntos, determinándose a súa valoración de acordo aos seguintes criterios:

1.- Centro no que se desenvolvan actividades de modo continuado

Número de actividades	Puntuación
2 actividades ao ano	4
De 3 a 4 actividades ao ano	8
De 5 ou máis actividades ao ano	12

Non contarán aquelas actividades ou actos que inclúan tácita ou implicitamente contidos ou publicidade sexista e que se poidan considerar discriminatorias, vexatorias ou que xustifiquen, banalicen ou inciten á desigualdade entre xéneros ou á violencia de xénero.

2.- Centro utilizado por asociacións ou entidades actuantes na parroquia para asembleas xerais ou asembleas da xunta directiva durante o ano 2021

Número de asociacións	Puntuación
2 asociacións	4
De 3 a 4 asociacións	8
Máis de 4 asociacións	12

3.- Composición da xunta directiva



Paridade	Puntuación
≤ 20% da directiva integrada por mulleres	2
> 20 % e < 40% da directiva integrada por mulleres	4
40% o máis da directiva integrada por mulleres	6

O importe da subvención virá determinado pola suma da puntuación obtida en cada un dos tres apartados que se multiplicará polo valor do punto que se fixa en 100 euros.

Se o importe total da subvención superara a cantidade prevista na base terceira de 39.000 euros prorratearase o valor do punto, de xeito que non se exceda do importe do crédito global previsto.

A subvención aprobada poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, no seu caso, outros ingresos.

Oitava. Procedemento.-

A instrución do procedemento corresponderalle ao/á funcionario/a que designe a Concellería de Participación Cidadá, (órgano instrutor) quen realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales formulará a proposta de resolución. Tamén será o/a encargado/a de requirir ás entidades solicitantes a emenda de deficiencias.

Inmediatamente despois de rematar o prazo de presentación de solicitudes emitirase un certificado no que se indicará as solicitudes recibidas.

Avaliadas as solicitudes pola persoa instrutora segundo os criterios, formas e prioridades establecidas nesta convocatoria, elevarase a unha Comisión de Avaliación integrada pola concelleira de Participación Cidadá, que actuará de presidenta, Olga María García Ballesteros, a concelleira María Castro Abad e o concelleiro Alberto Álvarez Pérez, actuando coma suplentes Iria Vilaboa Álvarez e Vicente Lamas Guisande respectivamente, a funcionaria Raquel Iglesias Blas, actuando coma suplente a funcionaria María Lourdes Fernández Arines e o/a instrutor/a, que actuará como secretario/a con voz pero sen voto. No caso de ter que variar as persoas da comisión ou de nomear suplentes, designarase por Resolución do órgano competente. O/A secretario/a recollerá o debatido.

A/o instrutor/a, trala acta da comisión, formulará proposta de resolución provisional debidamente motivada.

No caso de que na valoración a Comisión ou a instrutora utilizaran datos diferentes dos aportados polas entidades, abrirase un prazo de dez días para que todas as entidades solicitantes poidan presentar as alegacións que estimaran oportunas. Tras examinar as alegacións presentadas, de ser o caso, a instrutora formulará proposta de resolución definitiva.



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

De non presentarse alegacións, ou no caso de que este trámite non fose necesario con arranxo a estas bases, a proposta de resolución provisional terá o carácter de definitiva, debendo expresar os solicitantes para os que se propón a concesión de subvencións e a súa contía, especificando a súa avaliación e os criterios de valoración seguidos para efectual. Xunto coa proposta, a/o instructor/a emitirá un informe no que se estableza que da información que consta no seu poder despréndese que as entidades beneficiarias cumpran con todos os requisitos establecidos nestas bases para acceder ás subvencións.

O Concello de Redondela poderá, en calquera momento, do procedemento do expediente administrativo da subvención, solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Novena. Resolución.-

Posteriormente, a proposta pasará á Intervención Municipal para que realice a súa fiscalización de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A partir da proposta e tras o informe da Intervención Municipal, a Alcaldía concederá as subvencións mediante Resolución na que se especifique a relación de entidades ás que se lles concede a axuda e a desestimación das restantes solicitudes.

As entidades beneficiarias ás que se lle outorgue subvención presentarán unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Contra a anterior Resolución, por esgotar a vía administrativa, poderase interpoñer, á elección das entidades:

- RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), perante a Alcaldía do Concello, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao da recepción da presente notificación. O recurso entenderase desestimado se transcorre outro mes, desde a súa interposición, sen que lle sexa notificada a resolución expresamente.
- RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO, segundo o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA) directamente, perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á data de notificación desta Resolución.

Contra a desestimación expresa do recurso de reposición, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte a aquel no que se notifique a resolución. A desestimación por silencio non está suxeita ao prazo de caducidade previsto no artigo 46.1 da LXCA.



Todo isto sen prexuízo de que, se o considera conveniente, interpoña outros recursos procedentes. Sinalándolle que, a interposición de recursos non suspende a execución do acto administrativo, sen prexuízo do disposto no artigo 117.2 da LPAC.

O acordo de concesión non terá obrigatoriamente que distribuír a totalidade do crédito.

O prazo máximo para resolver será de tres meses contados a partir da finalización do prazo para a solicitude das subvencións. Transcorrido o devandito prazo, as entidades solicitantes ás que non se lles notifique resolución expresa, entenderán que a súa solicitude foi denegada.

As axudas teñen carácter voluntario e polo tanto non existe a obriga de concesión a todas as solicitudes que se presenten. Non xerarán ningún dereito a obtención doutras subvencións en anos anteriores, e non se poderán alegar como precedente.

Décima. Prazo de notificación.-

O outorgamento das subvencións notificarase aos interesados de acordo co establecido nos artigos 40, 42 e 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Se no prazo de dez días a entidade beneficiaria non manifestara o contrario, entenderase que acepta a subvención quedando suxeito ás obrigas derivadas da normativa sobre axudas e subvencións a entidades sen fines de lucro.

Undécima. Obrigas da entidade beneficiaria.-

As entidades beneficiarias das subvencións terán que averse ás seguintes obrigas:

1.- Cumprir co seu obxectivo de ser un vehículo de participación da cidadanía na vida política, económica, cultural ou social, nas distintas parroquias de Redondela.

2.- Ter programadas, con carácter permanente, actividades que procuren a devandita participación cidadá de toda a veciñanza.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, achegando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

5.- Comunicar ao Concello de Redondela a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza.

6.- Acreditar que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

7.- Facer constar naquelas actuacións que así o permitan, que conta coa subvención do Concello de Redondela. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e o nome do Concello de Redondela como entidade colaboradora.

8.- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos, xunto cós xuros de demora correspondentes, nos supostos contemplados no artigo 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

9.- Desenvolver a súa actividade principal no termo municipal de Redondela.

10.- Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes das subvencións nos rexistros públicos que proceda, conforme á normativa vixente.

11.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

12. As publicacións, carteis, publicidade e toda a produción escrita de todas as actividades subvencionadas polo Concello de Redondela estarán sempre en lingua galega, de acordo coa lexislación e coa Ordenanza reguladora do uso do galego no Concello de Redondela (BOP núm. 196, do 9 de outubro de 1998). Así mesmo respectarán rigorosamente a toponimia oficial de acordo coa Lei 3/83, do 15 de xuño, de Normalización Lingüística.

Se a entidade beneficiaria fose debedora con motivo dunha débeda vencida, líquida e esixible, a Alcaldía, poderá acordar a compensación.

Asemade, non será posible efectuar ningún pagamento por concesións de subvencións cando transcorrera o período de tempo para xustificar a aplicación de fondos sen que se cumprira este requisito.

O Concello de Redondela poderá en calquera momento do procedemento do expediente administrativo da subvención solicitar maior información ou verificar calquera aspecto relacionado coa solicitude subvencionada.

Duodécima. Xustificación e pagamento.-

A xustificación mediante os formularios correspondentes debidamente cubertos conterà a documentación xustificativa dos gastos realizados e a certificación da actividade realizada coa finalidade para a que foi concedida a subvención e deberá presentarse no Rexistro xeral do Concello de Redondela antes do 30 de novembro do ano da solicitude, presentando os anexos V, VI, VII e VIII e a documentación requirida nos mesmos.

Este prazo poderá prorrogarse ata un máximo de quince días naturais a petición razoada da entidade solicitante e sempre que así o acorde o órgano que concedeu a subvención contando os quince días dende a notificación do acordo da prórroga. Para isto, a petición da prórroga realizarase antes da finalización do prazo da xustificación da subvención.

Este prazo entenderase sen perxuízo do prazo de dez días hábiles que se concederá no caso de presentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: R523MBY1ZY8EY8WR



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

A xustificación, que será baixo a responsabilidade da entidade declarante será obrigatoria para o libramento dos fondos por parte do Concello, suporá a acreditación do cumprimento do obxecto da subvención concedida. Coa xustificación deberase acompañar o importe do resto dos fondos que financien a actividade subvencionada, así como a súa procedencia.

As entidades beneficiarias presentarán unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.5 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Á súa vez, aqueles beneficiarios aos que se lle outorgara unha contía que superase os 3.000,00€ deberán achegar certificados de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social. O resto de entes beneficiarios presentará unha declaración responsable de acordo co establecido no artigo 24.5 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

As facturas presentadas serán escaneadas das orixinais. Deberán gardar relación co obxecto da subvención e correspondentes ao período para a que esta foi concedida e vir acompañadas do xustificante de pagamento. As facturas deberán conter os seguintes datos:

1.- Emisión da persoa ou entidade beneficiaria con especificación do seu NIF ou CIF e enderezo fiscal.

2.- Identificación completa do/a provedor/a, especificando a súa denominación, NIF ou CIF e enderezo fiscal.

3.- Número de factura.

4.- Lugar e data da emisión da factura.

5.- Descrición suficiente da subministración realizada reflectindo as unidades obxecto da subministración, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do IVE.

6.- Período que corresponda.

7.- Xustificación do seu pagamento, obrigatoriamente a través do banco para aquelas facturas con importe superior a 1.000 euros e preferiblemente para os importes menores a esa cifra, aínda que neste caso poderá ser substituído por un carimbo u lenda de “cobrado”, “pagado”, “recibín” ou similar.

8.- Cando se trate da xustificación do seguro de danos e responsabilidade civil do edificio deberá acompañarse unha copia do recibo no que conste o período de cobertura e unha copia da póliza na que conste a dirección do local asegurado.

Só serán gastos subvencionables os que respondan de xeito indubidable a algún dos conceptos subvencionados e se realicen no prazo establecido e que ademais estean efectivamente pagados con anterioridade á xustificación da subvención.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:

<https://sede.depo.gal>

Código seguro de verificación:R523MBY1ZY8EY8WR



Os documentos xustificativos corresponderán aos gastos obxecto de subvención recollidos no apartado segundo destas bases e pagados no ano 2022 antes da finalización do prazo de presentación da solicitude. Cando se trate da xustificación de gastos que abrangan mais dun exercicio económico só se abonarán os pagados no ano 2022.

En ningún caso se admitirán como xustificantes de gastos as cantidades satisfeitas ao Concello de Redondela polo uso das instalacións nin como de calquera tributo ou prezo público satisfeito ao Concello. Tampouco serán gastos xustificables os gastos de inversión, os intereses debedores de contas bancarias, os intereses, recargos e sancións administrativas e os gastos de procedementos xudiciais.

Se as axudas doutras Administracións Públicas son superiores ás previstas ou declaradas polo beneficiario no momento da solicitude e fan que superen, xunto coa subvención destas bases, a contía total de gastos o importe da subvención verase reducida na cantidade que corresponda para que o gasto non sexa inferior ás axudas.

Vista a documentación xustificativa presentada, o órgano instrutor da Base oitava procederá á valoración de se, coa xustificación presentada por cada entidade beneficiaria, se cumpre coa finalidade básica da subvención. Posteriormente, de ser favorable a valoración, as xustificacións e a proposta que elaborará a Concelleira de Participación Cidadá a partires das devanditas valoracións se fiscalizarán pola Intervención Municipal.

Trala xustificación, a proposta da concelleira e a fiscalización da Intervención Municipal o órgano competente resolverá facendo mención expresa á que se produciu a comprobación da realización da actividade e o cumprimento da xustificación e nese caso, proporase que se lle recoñeza a obriga e que se efectúe o correspondente pago.

No caso de que a entidade beneficiaria non xustifique a totalidade do gasto da subvención concedida realizarase o libramento dos fondos polo importe xustificado, sempre e cando se cumpran co resto dos requisitos destas Bases.

Se non se presenta a xustificación dentro do prazo, inicial ou prorrogado, por resolución do órgano competente iniciarase o expediente de anulación do correspondente compromiso por revogación da concesión da subvención.

Décimo terceira. Publicidade do procedemento da concesión da subvención das bases. Transparencia e bo goberno.-

Procederase á publicación da relación das entidades beneficiadas e o importe das axudas concedidas no Boletín Oficial da Provincia, na páxina web do Concello de Redondela, no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello e na base de datos nacional de subvencións. En todo caso, o acordo de concesión será exposto polo prazo de 30 días no Taboleiro electrónico de Anuncios do Concello onde se recollerá a convocatoria, o crédito orzamentario, os beneficiarios, a cantidade concedida e a finalidade ou finalidades da subvención.



Igualmente, será obxecto de publicación na base de datos nacional de subvencións, de acordo co artigo 20.5 da lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o artigo 4 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Protección de datos de carácter persoal.

As persoas solicitantes interesadas autorizan a cesión dos datos á Base Nacional de Subvencións dependente da Intervención Xeral da Administración do Estado

O seu contido terá carácter reservado, sendo de aplicación, en o referente ao dereito de acceso, de acordo co establecido na Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o acceso a o seu contido realizarase segundo os procedementos e con o ámbito establecido no artigo 20.5 da Lei 38/2003, do 17 de novembro.

Cando teñan que publicarse datos persoais das persoas físicas beneficiarias, haberán de cumprirse en todo caso, os principios e a normativa de protección de datos, incluíndo a forma en que haberán de publicarse os seus devanditos datos persoais identificadores.

Os datos persoais publicados serán exclusivamente os necesarios para o fin do tratamento.

Con todo, non se publicarán as subvencións ou axudas públicas concedidas a persoas físicas cando:

a) A información contida na BDNS ou o propio obxecto da convocatoria proporcione información ou datos especialmente protexidos das persoas beneficiarias ou relativos ás categorías especiais de datos relacionados nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

b) A persoa física atópese nunha situación de protección especial que poida verse agravada coa cesión ou publicación dos seus datos persoais, en particular, cando sexa vítima de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra a muller.

Todo elo nos termos do artigo 7.5 do Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

Décimo cuarta. Perda do dereito ao cobramento da subvención.-

Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen causas de perda do dereito ao cobramento da subvención, total ou parcial, as seguintes:

a) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.



b) Calquera outra causa que poña de manifesto que a entidade non reunía os requisitos para ser beneficiaria destas subvencións ou a alteración dos supostos que serviron de base para a avaliación das solicitudes.

Décimo quinta. Devolución e reintegro da subvención.-

As axudas concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- A declaración xudicial ou administrativa de nulidade ou anulación da subvención, que levará consigo a obriga de devolver as cantidades percibidas.
- Tamén procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente, nos casos sinalados no artigo 33 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, dende o momento de pago da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro. As cantidades reintegradas terán o carácter de dereito público.

Décimo sexta. Inspección e control.-

O Concello de Redondela a través da Intervención Municipal poderá realizar as comprobacións que estime oportunas respecto das actividades subvencionadas e terá acceso a toda a súa documentación xustificativa. Asemade será de aplicación o Título III da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Décimo sétima. Infraccións e sancións.-

Estas bases e convocatoria queda en materia de infraccións e sancións ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Decimo oitava. Información relativa á convocatoria.-

Sobre este procedemento administrativo poderase obter documentación normalizada ou información adicional no Concello de Redondela, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial do Concello de Redondela (<http://redondela.gal>).
- b) Nos teléfonos 986 400 300.
- c) No enderezo electrónico: participacionciudad@redondela.gal

Décimo novena. Réxime xurídico aplicable.-

Estas bases e convocatoria e as subvencións que se concedan de acordo con elas efectuaranse de conformidade coa normativa aplicable seguinte:

- 1.- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- 2.- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

- 3.- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- 4.- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- 5.- Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- 6.- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- 7.- Real Decreto 130/2019, do 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.
- 8.- Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Redondela.
- 9.- As Bases de execución do Orzamento do Concello de Redondela
- 10.- Demais normativa aplicable.

Vixésima. Recursos.-

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou no prazo dun mes, que se entenderá como desestimado se transcorre este período de tempo sen contestar. Nese caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Igualmente, contra esta resolución tamén poderá interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo no prazo indicado. En todos os casos os prazos contaránse a partir do día seguinte ao da recepción da correspondente notificación ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

Anexo de Solicitud

ANEXO I Solicitud de Subvención para gastos correntes 2022

Nome Entidade	
CIF	
Número de Rexistro	
Enderezo Fiscal (Lugar, núm., parroquia, CP)	
Teléfono	
Email	
Nome Representante legal	
Cargo que ocupa	
NIF	
Enderezo (Lugar,núm., parroquia, CP)	

EXPÓN:

Que, despois de ler e coñecer as bases e convocatoria de subvencións para gastos a Centros Culturais, a acepta en todos os seus termos.

Que os datos indicados na solicitude son certos.

Que autorizo ao Concello de Redondela a obter os certificados de estar ao corrente coa Seguridade Social, Facenda do Estado e Facenda da Xunta.

NO CASO DE NON AUTORIZAR AO CONCELLO, RISQUE NON E XUNTO COA DOCUMENTACIÓN PRESENTE OS CERTIFICADOS DE ESTAR AO CORRENTE COA SEGURIDADE SOCIAL, FACENDA DO ESTADO E FACENDA DA XUNTA.

SOLICITA:

Que se lle conceda unha axuda económica, conforme ás bases e convocatoria das subvencións para gastos correntes para centros culturais parroquiais, ano 2022, polo importe de _____ euros para a financiar os seguintes gastos:

CONCEPTO	IMPORTE
TOTAL GASTOS A SUBVENCIONAR	

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:R523MBY1ZY8EY8WR



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

Anexo de solicitude

Anexo I - Páxina 2

DOCUMENTACION QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE (Anexo I):

ANEXO II Memoria para valoración
ANEXO III Declaración responsable
ANEXO IV Declaración doutras axudas
Achega copia do CIF da entidade solicitante ou declara telo presentado en anos anteriores sen que o dato sufrira modificación marcando nesta casilla <input type="checkbox"/>
Achega copia do NIF do representante ou declara telo presentado en anos anteriores sen que o dato sufrira modificación marcando nesta casilla <input type="checkbox"/>
Certificación expedida pola/o secretaria/o da entidade na que figure a relación de membros da xunta directiva actual.

Lexitimación do Concello para o tratamento de datos persoais: ordenanza xeral de subvencións do Concello de Redondela publicada no Boletín Oficial da Provincia nº 99 do 23 de maio de 2008 e Bases e convocatoria para gastos correntes aos centros culturais para o ano 2022.

De conformidade co establecido na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais e a súa normativa de desenvolvemento e ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación de estes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como das disposicións en materia de Protección de Datos que se atopen vixentes durante o período de vixencia destas bases, informámolo de que este Concello é o responsable do tratamento e garda dos datos achegados na instancia e na documentación que lle acompaña. A finalidade do tratamento dos datos é a xestión deste procedemento.

Os datos persoais non serán comunicados a un terceiro, a non ser que deban facilitarse en cumprimento dunha obrigaón legal.

Os datos serán conservados o tempo necesario para poder levar a cabo o rexistro e as accións para as que se lle solicitou o consentimento.

Pode retirar o consentimento, no caso de o outorgara, en calquera momento, podendo exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación, oposición e portabilidade, cando este último legalmente proceda, enviando unha comunicación ao enderezo electrónico: dpd@redondela.gal

Así mesmo, infórmase do dereito para presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos C/ Jorge Juan, 6, 28001 Madrid (www.agpd.es)



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

Así mesmo, de conformidade co establecido na letra d) do apartado 2 do artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, os interesados poderán facer constar na súa solicitude o seu dereito a que non se fagan públicos os seus datos cando a publicación dos datos do beneficiario en razón do obxecto da subvención poida ser contraria ao respecto e salvagarda do honor e á intimidade persoal e familiar das persoas físicas en virtude do establecido na Lei Orgánica 1/1982, do 5 de maio, de Protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, e sexa previsto na súa normativa reguladora.

Data:

Sinatura (Presidenta/e ou representante legal da entidade):

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: R523MBY1ZY8EY8WR



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

Anexo de solicitude

ANEXO II: MEMORIA PARA VALORACIÓNDona/Don _____ secretaria/o da
entidade _____ **CERTIFICA:**

Actividades realizadas no ano 2021 (só unha actividade por casilla)

Denominación da actividade	Descrición	Duración en meses

En cada recadro débese unha única actividade -sexa mensual ou anual-

Utilización do centro polas asociacións ou entidades da parroquia no ano 2021 (entidades distintas da entidade solicitante)

Denominación da asociación ou entidades	Finalidade da xuntanza	Data da xuntanza

Membros totais da xunta directiva:

Xénero	Número
Feminino	
Masculino	

Data:

Sinatura (Secretaria/o da entidade solicitante):



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

Anexo de solicitude

ANEXO III Declaración responsableDon/Dona _____ NIF _____
en calidade de presidente/a ou representante legal da entidade

en relación coa solicitude para tomar parte no procedemento para a concesión de axudas do Concello de Redondela para gastos correntes de funcionamento.

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Que a entidade que represento non ten ánimo de lucro.

Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das circunstancias nin prohibicións a que se refire e enumera o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que non existe obstáculo que impida que poida resultar beneficiaria das axudas convocadas.

Que esta entidade está ao corrente das súas obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Facenda municipal e coa Seguridade Social, o cal asino en cumprimento da letra e) do apartado 2º do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que a entidade ten debidamente xustificadas as subvencións concedidas en anteriores convocatorias, ou ben ten solicitada unha prórroga debidamente xustificada e aprobada, ou ben ten presentado unha renuncia por escrito.

Que, en cumprimento do artigo 25 do Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a entidade non incumpre ningunha obriga por reintegro de subvencións.

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a/o presidente/a da entidade ou representante legal.

Data:

Sinatura (Presidenta/e ou representante legal da entidade):

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: R523MBY1ZY8EY8WR



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

Anexo de solicitude

ANEXO IV Declaración doutras axudasDon/Dona _____ NIF _____
en calidade de presidente/a ou representante legal da entidade

En relación coas bases e convocatoria de subvencións de gastos correntes para o mantemento dos locais dos Centros Culturais Parroquiais do ano 2022 do Concello de Redondela

En relación con outras axudas, solicitadas ou aprobadas, das distintas administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes, para esta mesma finalidade DECLARO o seguinte:

AXUDAS SOLICITADAS:

<input type="checkbox"/>	Non se solicitou por esta entidade ningunha outra axuda
--------------------------	---

<input type="checkbox"/>	Si, solicitouse axuda para esta mesma finalidade
Entidade que concede a axuda	Importe

AXUDAS CONCEDIDAS

<input type="checkbox"/>	Non se concedeu á entidade solicitante ningunha outra axuda
--------------------------	---

<input type="checkbox"/>	Si, concederonselle á entidade solicitante as seguintes axudas
Entidade que concede a axuda	Importe

Data:

Sinatura (Presidenta/e ou representante legal da entidade):

Esta declaración deberá presentarse durante todo o procedemento de adxudicación da subvención e ata o momento en que se ingrese o pago, cada vez que se soliciten ou reciban novas subvencións doutras Administracións públicas ou dos seus organismos e entidades dependentes para a mesma finalidade ou se modifiquen os seus importes.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: R523MBY1ZY8EY8WR



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

Anexo de xustificación

ANEXO V Xustificación da subvención para gastos ano 2022

Nome entidade	
CIF	
Nº Rexistro Asociación	
Nome representante legal	
NIF	

EXPÓN:

Que no ano 2022 obtivo unha subvención do Concello de Redondela polo importe de _____

DECLARA que a entidade á que representa cumpriu con todas as obrigas da base 11 das subvencións.

SOLICITA:

Que conforme ás bases e convocatoria para a concesión de subvencións para gastos correntes 2022 lle sexa satisfeita a axuda a fin de sufragar o gasto xustificado.

Relación de factura/s ou nómina/s escaneadas das orixinais, acreditativas dos gastos realizados e xustificantes do pagamento.

Nº	PROVEDOR	CONCEPTO	IMPORTE (€)

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: R523MBY1ZY8EY8WR



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

Documentación que se achega

- Solicitud de xustificación (anexo V).
- Certificación dos datos bancarios da entidade (anexo VI).
- Declaración doutras axudas (anexo VII).
- Declaracións responsables (anexo VIII).
- Factura/s escaneadas dos orixinais acreditativos dos gastos realizados e xustificantes do seu pagamento.

Data:

Asdo.: (Presidente/a ou representante legal da entidade)

SRA. ALCALDESA – PRESIDENTA DO ILMO. CONCELLO DE REDONDELA



Luns, 11 de xullo de 2022
Núm. 131

Anexo de xustificación

ANEXO VI Designación de conta bancaria

I. Datos da entidade titular da conta		
NIF	Nome ou denominación social	
Enderezo fiscal		Municipio
Provincia	Código Postal	Teléfono/Correo electrónico

II. Datos da/o representante	
NIF	Nome

Alta de datos bancarios													
III Número de conta – IBAN													
<p>A CUMPLIMENTAR POLA ENTIDADE DE CRÉDITO</p> <p>Certifico, que a persoa indicada no apartado "I Datos do titular da conta" é titular da conta referenciada no apartado "III número de conta IBAN" para os efectos do ingreso dos importes que se lle poidan remitir desde a Tesourería do Concello en concepto de subvención para gastos correntes aos centros culturais parroquias</p> <p>(Selo da entidade de crédito) POLA ENTIDADE DE CRÉDITO</p> <p style="text-align: center;">Asdo.:</p>													

Baixa de datos bancarios													

Data:

Sinatura (Presidenta/e ou representante legal da entidade):

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
 Código seguro de verificación: R523MBY1ZY8EY8WR



Anexo de xustificación

Anexo VII

Xustificación: Declaracións doutras axudas

Don/dona _____ con número de NIF
_____ en calidade de presidente/a ou representante legal da entidade
_____ solicitante das
subvencións para gastos correntes aos centros culturais parroquias do Concello de
Redondela en relación a outras axudas concedidas para a mesma finalidade, das distintas
administracións públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes,

DECLARO, BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

- Non se concedeu a esta entidade ningunha outra axuda para esta finalidade.
- Si se lle concedeu a esta entidade unha axuda para esta mesma finalidade (cubrir o cadro inferior).

Entidade que concede a axuda	Importe para o ano 2022

E para que así conste, para os efectos oportunos, asina a persoa representante legal da entidade.

Redondela, ____ de _____ de 2022



Luns, 11 de xullo de 2022

Núm. 131

Anexo de xustificación

Anexo VIII Declaración responsable para a xustificación

Entidade	
CIF	

Representante		NIF	
Enderezo		CP	
Localidade		Teléfono	
Correo electrónico			

DECLARACIÓNS:

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin a asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, están incurso en suposto ningún dos que se refire o artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións Públicas.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos Órganos de Goberno ou Administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda estatal, coa Facenda autonómica, coa Recadación Municipal e coa Seguridade Social. No caso de que a concesión da subvención supere os 3.000 €, autorizo o Concello de Redondela a que poida solicitar directamente ante as administracións correspondentes os certificados de estar ó corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para as subvencións do Concello de Redondela son exactas e non experimentaron variación.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumprida ningunha obriga por reintegro de subvencións.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que, no caso de que a xustificación sexa electrónica, que as facturas presentadas están escaneadas das orixinais e que estarán en posesión da entidade durante catro anos para por a disposición do Concello de Redondela ou calquera organismo público que tivera que acceder a elas.

AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a conseguir os datos que estean en poder da administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

Redondela, _____ de _____ de 2022

Asdo.:

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación:R523MBY1ZY8EY8WR



BASES Y CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA GASTOS CORRIENTES A LOS CENTROS CULTURALES PARROQUIALES, AÑO 2022

Primera. Definición.-

Estas bases y convocatoria tienen por objeto establecer los criterios y el procedimiento para la concesión de las subvenciones de la Concejalía de Participación Ciudadana para el año 2022 de acuerdo con los principios de publicidad, transparencia, obxectividade, igualdad y no discriminación.

Se busca de acuerdo con lo establecido en el artículo 9 de la Constitución Española facilitar la participación de toda la ciudadanía en la vida política, económica, cultural y social para lo que resulta imprescindible que los ayuntamientos, como administraciones más próximas a la ciudadanía, ayuden a mantener sus lugares de reunión en las parroquias.

La administración local es concedora de que, en este momento de crisis económica, el mantenimiento de estos lugares, conocidos como centros culturales parroquiales, resulta muy difícil debido al incremento del precio de las energías (luz, combustible, etc.) y el resto de los gastos admitidos dentro del objeto de esta convocatoria a los que es necesario hacer frente.

